

**DECRETO CONVOCATORIA XGL. EXPTE Nº: 2022/G005/000031.**

**Excm. Sra. D.<sup>a</sup> LARA MÉNDEZ LÓPEZ, Alcaldesa Presidenta do Excmo. Concello de Lugo.**

En virtude das atribucións que me confiren os artigos 124.4.d) do texto vixente da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, e 61.1.c) da Lei 5/1997, do 22 de xullo, da Administración local de Galicia, **CONVOCO** sesión **Ordinaria** da **Xunta de Goberno Local**, que se levará a cabo por **vía telemática** o vindeiro **mércores, día 13 de xullo de 2022, ás 10:00 horas**, de acordo coa seguinte orde do día confeccionada para o efecto:

**ÁREA DE SOSTIBILIDADE URBANA**

**LICENZAS URBANÍSTICAS**

1. LICENZA URBANÍSTICA PARA AGRUPACIÓN DE TRES PARCELAS E CONSTRUCCIÓN DE DÚAS NAVES INDUSTRIAIS PARA A AMPLIACIÓN DAS DÚAS NAVES INDUSTRIAIS EXISTENTES, PARA UNHA MESMA ACTIVIDADE DE ALMACÉN DE PRODUTOS ZOOSANITARIOS, MATERIAL VETERINARIO E SEMEN BOVINO, NA RÚA DAS LEITEIRAS, NÚMERO 1. (EXPTE: 2021/Y001/000277).
2. LICENZA PARA CONSTRUCCIÓN DUNHA VIVENDA UNIFAMILIAR NO NÚCLEO RURAL TRADICIONAL DE CIMA DE VILA+TABERNAS+TOIRIZ, PARROQUIA DE PIÚGOS. (EXPTE: 2021/Y001/000025).
3. LICENZA URBANÍSTICA SOLICITADA POR SIMÓN LUACES REDONDO PARA REMODELACION DE EDIFICIO NA RÚA RIO SIL, NÚMERO 26. (EXPTE: 2020/Y001/000295).
4. LICENZA URBANÍSTICA PARA REHABILITACIÓN E READAPTACIÓN DE EDIFICIO, COMPOSTO DE PLANTA BAIXA PARA COMERCIAL E INSTALACIÓNS, PLANTA PRIMEIRA PARA DÚAS VIVENDAS, E PLANTA SEGUNDA, TERCEIRA E BAIXO CUBERTA PARA 1 VIVENDA CADA UNHA, NA PRAZA DO CAMPO CASTELO, NÚMERO 8, UNIDADE EDIFICATORIA 1106-07. (EXPTE: 303/2018).
5. OUTORGAR A LICENZA URBANÍSTICA PARA INSTALACIÓN DE ASCENSOR EN RESIDENCIA XUVENIL LUG I, NA RÚA PINTOR CORREDOIRA, NUMERO 2. (EXPTE: 2022/Y001/000054).
6. DESESTIMAR O RECURSO INTERPOSTO, CONTRA A RESOLUCIÓN ADOPTADA NA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DE DATA 12 DE MAIO DE 2020, QUE RESOLVE NON OUTORGAR A LICENZA URBANÍSTICA SOLICITADA,

## **ACTAS E GOBERNO**

RBB/cal

Refª: ispac15038982177278456.doc

Asunto: XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO 13-7-2022

PARA LEGALIZACIÓN DE REFORMA DE CUBERTA, CONSISTENTE NO CAMBIO DE TRES CUBERTAS POR UNHA ÚNICA A DÚAS AUGAS, CAMBIANDO A CONFIGURACIÓN DOS FALDÓNS, DA SÚA PENDENTE E MODIFICACIÓN DE FACHADA, NO EDIFICIO DA AVDA. DA FÁBRICA DA LUZ, NÚMERO 11. (EXPTE: 2021/Y001/000246).

### **XESTIÓN URBANÍSTICA**

7. APROBACIÓN DEFINITIVA "PROYECTO DE OBRAS ORDINARIAS DE URBANIZACIÓN Y ENSANCHE DE VIAL EXISTENTE EMPLAZAMIENTO: C/OTERO PEDRAYO-C/RÍO SIL. LUGO". P-230.

### **ÁREA DE GOBERNANZA: ECONOMÍA E RECURSOS HUMANOS**

#### **PERSOAL**

8. PROPOSTA DE DESIGNACIÓN DOS MEMBROS DO TRIBUNAL CUALIFICADOR DO PROCESO SELECTIVO PARA A CONTRATACIÓN DE UN CAPATAZ, TRES PEÓNS E UN PEÓN-CONDUCTOR, QUE SE REXERÁ POLAS BASES APROBADAS NO ACORDO DE XUNTA DE GOBERNO LOCAL DE LUGO DO 6 DE XULLO DE 2022.

9. RESOLUCIÓN CONVOCATORIA PÚBLICA DA COBERTURA, EN COMISIÓN DE SERVICIOS DO POSTO DE XEFE/A SECCIÓN DO SERVIZO DE BENESTAR SOCIAL DO EXCMO. CONCELLO DE LUGO.

10. PROPOSTA NOMEAMENTO DE DON PABLO FARIÑA FRANCO COMO FUNCIONARIO DE CARREIRA DO EXCMO. CONCELLO DE LUGO, PARA DESEMPEÑAR A PRAZA DE ENCARGADO PARQUE MÓBIL (GRUPO DE TITULACIÓN: GRUPO C (SUBGRUPO C1); ESCALA: ADMINISTRACIÓN ESPECIAL; SUBESCALA: SERVICIOS ESPECIAIS.

#### **CONTRATACIÓN E PATRIMONIO**

11. CONTRATACIÓN DA SUBMINISTRACIÓN (ADQUISICIÓN) DUNHA AUTOBOMBA URBANA PESADA ASÍ COMO O SEU EQUIPAMENTO AUXILIAR DESTINADA AO SERVIZO DE PREVENCIÓN, EXTINCIÓN DE INCENDIOS E SALVAMENTO DO CONCELLO DE LUGO. APROBACIÓN DOS PREGOS DE PRESCRICIÓN TÉCNICAS E DE CLÁUSULAS ADMINISTRATIVAS ASÍ COMO DO GASTO, ADXUDICACIÓN POR PROCEDIMENTO ABERTO SUXEITO A REGULACIÓN HARMONIZADA. APERTURA DO PROCEDIMENTO DE ADXUDICACIÓN. EXP. REF. 2022-C004-000014.

12. CONTRATACIÓN DOS SEGUROS DE VEHÍCULOS E MAQUINARIA (LOTE 3). 1ª PRORROGA CONTRATO 2022-2023 EXP 2021/C003/000003.

13. SEGUNDA E DERRADEIRA PRÓRROGA DO CONTRATO PARA O SERVIZO DE MANTEMENTO, CONSERVACIÓN E REPARACIÓN DE EDIFICIOS MUNICIPAIS DO CONCELLO DE LUGO. EXPDTE REF: 2020/C003/000016, QUE VAI DENDE A DATA 14.09.2022 ATA O 13.09.2023.

14. CONTRATACIÓN DA OBRA DE HUMANIZACIÓN DA RÚA GALLEGO TATO-TRAMO RÚA MAGNOLIA-RÚA LAVANDEIRA. EXP REF: 2022/C002/000007. ADXUDICACIÓN.

15. CONTRATACIÓN DA OBRA DE “REHABILITACIÓN DE EDIFICIO EXISTENTE E AMPLIACION EN EDIFICIO INDEPENDENTE PARA EQUIPAMENTO COMUNITARIO”, INCLUÍDO NO PROGRAMA OPERATIVO FEDER ORDE HAP/2427/2015, DO 13 DE NOVEMBRO CON FINANCIAMENTO DO 80%. EXP. REF. 2022-C002-000003. ADXUDICACIÓN.

16. CONTRATACIÓN DA SUBMINISTRACIÓN -MEDIANTE LOTES- DA ILUMINACIÓN ORNAMENTAL EN DIVERSAS RÚAS E PRAZAS EN SAN FROILAN 2022 (LOTE 1) E NADAL 2022 (LOTE 2). APROBACIÓN DOS PREGOS DE PRESCRICIÓN TÉCNICAS E DE CLÁUSULAS ADMINISTRATIVAS ASÍ COMO DO GASTO, ADXUDICACIÓN POR PROCEDEMENTO ABERTO SUXEITO A REGULACIÓN HARMONIZADA. APERTURA DO PROCEDEMENTO DE ADXUDICACIÓN. EXP. REF.2022-C004-000015.

#### FACENDA LOCAL

17. REGULARIZACIÓN TRIBUTARIA DENEGACIÓN LICENZA URBANÍSTICA PARA CONSTRUCCIÓN DUNHA VIVENDA UNIFAMILIAR EN XUSTAOS-TORRE, SAN MIGUEL DE ORBAZAI. LIQUIDACIÓN PROVISIONAL TAXA POLA PRESTACIÓN SERVIZOS URBANÍSTICOS.

18. REGULARIZACIÓN TRIBUTARIA EXP. DENEGACIÓN LICENZA URBANÍSTICA PARA CONSTRUCCIÓN DE ÁREA DE SERVICIO FORMADA POR ESTACIÓN DE SERVICIO PARA VENDA DE CARBURANTES E COMBUSTIBLES A VEHÍCULOS, BOXES DE LAVADO E EDIFICIO DE SERVIZOS CON GARAXE APARCADOIRO E ZONA COMERCIAL, HOTELEIRA E RESTAURANTE NA RÚA DO LIÑO, Nº 4, CHOUZA-GALEGOS, PARROQUIA DE SANTIAGO DE AFORA. LIQUIDACIÓN PROVISIONAL.

19. REGULARIZACIÓN TRIBUTARIA EXP. DENEGACIÓN LICENZA URBANÍSTICA PARA DESMONTAXE DE VIVENDA EXISTENTE E EXECUCIÓN DE NOVA VIVENDA UNIFAMILIAR NA RÚA SAN EUFRASIO, NÚMERO 208, NÚCLEO RURAL DE XUIZ. LIQUIDACIÓN PROVISIONAL.

20. REGULARIZACIÓN TRIBUTARIA EXP. DENEGACIÓN LICENZA

## ACTAS E GOBERNO

RBB/cal

Refª: ispac15038982177278456.doc

Asunto: XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO 13-7-2022

URBANÍSTICA REFORMA E AMPLIACIÓN DE VIVENDA UNIFAMILIAR NA RÚA SANTO DOMINGO DE LA CALZADA, NÚMERO 11. LIQUIDACIÓN PROVISIONAL.

21. REGULARIZACIÓN TRIBUTARIA EXP. DENEGACIÓN LICENZA URBANÍSTICA PARA CONSTRUCCIÓN DUNHA VIVENDA UNIFAMILIAR ILLADA NO LUGAR DISTRIZ, POLÍGONO 33, PARCELA 292-A DEVESA (MEILÁN). LIQUIDACIÓN PROVISIONAL.

22. REGULARIZACIÓN TRIBUTARIA EXP. DENEGACIÓN LICENZA URBANÍSTICA PARA CONSTRUCCIÓN DE VIVENDA UNIFAMILIAR ILLADA NO NÚCLEO RURAL REBORDAOS, PARROQUIA DE O VERAL. LIQUIDACIÓN PROVISIONAL.

23. REGULARIZACIÓN TRIBUTARIA EXP. DENEGACIÓN LICENZA URBANÍSTICA CONSTRUCCIÓN VIVENDA UNIFAMILIAR DE PLANTA BAIXA NO LUGAR DE XUSTAOS-TORRE, PARROQUIA DE SAN MIGUEL DE ORBAZAI. LIQUIDACIÓN PROVISIONAL.

24. REGULARIZACIÓN TRIBUTARIA EXP. DENEGACIÓN LICENZA URBANÍSTICA PARA REHABILITACIÓN E CAMBIO DE USO DE EDIFICACIÓN TRADICIONAL NO LUGAR DE ROADE-TEIXEIRO. LIQUIDACIÓN PROVISIONAL.

25. REGULARIZACIÓN TRIBUTARIA EXP. DENEGACIÓN LICENZA URBANÍSTICA PARA REESTRUCTURACIÓN PARCIAL DO FORXADO DO SOLO DA PLANTA 3ª DO EDIFICIO DE VIVENDAS DA PRAZA MÁRTIRES DE CARRAL, Nº 1. LIQUIDACIÓN PROVISIONAL.

26. REGULARIZACIÓN TRIBUTARIA EXP. DENEGACIÓN LICENZA URBANÍSTICA PARA INSTALACIÓN DE ASCENSOR NO EDIFICIO SITO NA RÚA MONTERO RÍOS, NÚMERO 14. LIQUIDACIÓN PROVISIONAL.

27. REGULARIZACIÓN TRIBUTARIA EXP. DENEGACIÓN LICENZA URBANÍSTICA. INSTALACIÓN DE CARPA TEMPORAL PARA EXPOSICIÓN E VENDA DE PRODUCTOS DE TEMPORADA NA AVDA. INFANTA ELENA, Nº 213. LIQUIDACIÓN PROVISIONAL TAXA POLA PRESTACIÓN SERVICIOS URBANÍSTICOS.

28. REGULARIZACIÓN TRIBUTARIA EXP. DENEGACIÓN LICENZA URBANÍSTICA PARA PORCHE EN VIVENDA UNIFAMILIAR NO LUGAR REGO DO ESPÍÑO, Nº 23, PIÚGOS. LIQUIDACIÓN PROVISIONAL.

### ÁREA DE COHESIÓN E DINAMIZACIÓN SOCIAL

#### DEPORTES

29. APROBACIÓN DAS BASES XERAIS REGULADORAS PARA A CONCESIÓN DE SUBVENCIÓNS ÁS ASOCIACIÓNS DEPORTIVAS E PERSOAS XURÍDICO PRIVADAS SEN ÁNIMO DE LUCRO, QUE DESENVOLVEN A SÚA ACTIVIDADE NO EIDO DE DEPORTES (ÁREA DE COHESIÓN E DINAMIZACIÓN SOCIAL) E PARA A PROMOCIÓN E O FOMENTO DO DEPORTES E ACTIVIDADE FÍSICA NO CONCELLO DE LUGO-EXERCICIO ECONÓMICO 2022.

30. APROBACIÓN DAS BASES REGULADORAS E APROBACIÓN DO GASTO PARA BOLSAS DE AXUDAS ECONÓMICAS INDIVIDUAIS PARA PERSOAS CON TALENTO DEPORTIVO-EXERCICIO 2022.

### **MOCIÓNS, COMUNICACIÓNS E PROPOSICIÓNS**

#### **ROGOS E PREGUNTAS**

Asinado dixitalmente polo Tenente de Alcaldesa Delegado da Área de Goberno de Cohesión Territorial e Concelleiro Secretario da Xunta de Goberno Local, don Miguel Fernández Méndez co visto e prace do Secretario Xeral do Pleno -por suplencia do Vicesecretario accidental- don Rafael José del Barrio Berbel.

O que se comunicará ós membros da Xunta, coa remisión da convocatoria e coa indicación de que, no caso de non poder asistir, deberán comunicarllo á Alcaldía coa antelación suficiente. A documentación dos asuntos incluídos na orde do día atópase a disposición dos membros da Xunta, a partir da data desta convocatoria, no Servizo de Actas e Goberno.

Así mesmo, ó abeiro do disposto no artigo 126.5 da Lei 7/1985, convóquese á sesión ó Secretario Xeral do Pleno -por suplencia do Vicesecretario-, como órgano de apoio á Xunta de Goberno Local, e ó Interventor Xeral Municipal.

Para os efectos da válida constitución da Xunta de Goberno Local, estarase ó disposto no artigo 126 da Lei 7/1985 e 16.4 do Regulamento orgánico municipal do goberno e administración do Concello de Lugo. De non se poder celebrar a sesión por falta do número legal de asistentes, a maioría absoluta dos seus membros, terá lugar en segunda convocatoria, unha hora despois da sinalada para a primeira, sempre que o número de asistentes non sexa inferior a un terzo dos seus compoñentes, que non poderá ser inferior a tres.

Cúmprase.

**Asinado dixitalmente pola Alcaldesa-Presidenta,**